

PLAN DE CONVIVENCIA

**CEIP Vicente Otero
Valcárcel**

Carral

Curso 2021/2022

ÍNDICE

1. CENTRO DOCENTE. CARACTERÍSTICAS E ENTORNO	3
2. DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO CENTRO	3
3. OBXECTIVOS QUE PRETENDEMOS ACADAR CO DESENVOLVEMENTO DO PLAN	4
3.1 OBXECTIVOS XERAIS	4
3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	4
4. ACCIÓNS PREVISTAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.....	5
4.1 A nivel de centro	5
4.2 A nivel de aula	6
4.3 A nivel de familias	7
4.4 A nivel de profesorado	7
4.5 Outras medidas	8
5. MEDIDAS DE TRATAMENTO DOS CONFLITOS. PROTOCOLOS E ACTUACIÓNS ...	10
5.1 Protocolo de actuación ante unha queixa ou conflito	10
5.2 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.	10
5.2.1 Estratexias de prevención	11
5.2.2 Detección do acoso escolar	14
5.2.3 Protocolo de actuación	15
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	16
7. CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA. CORRECCIÓNS.....	18
8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	19
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN	20
10. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN	20
11. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	21
ANEXOS.....	22
ANEXO 1.- ENQUISAS PARA A REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	23
ANEXO 2.- PLAN DE ACOLLIDA DO PROFESORADO NOVO	29
ANEXO 3.- PLAN DE ACOLLIDA ÁS FAMILIAS	30
ANEXO 4.- PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO NOVO NO CENTRO	34
ANEXO 5.- PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO ...	35
ANEXO 6.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS	37

1. CENTRO DOCENTE. CARACTERÍSTICAS E ENTORNO

Remitímonos ao Proxecto Educativo no que aparece un estudo do Centro e da nosa contorna. Desexamos subliñar a alta matrícula no centro e a escasa marxe da que dispón o claustro de profesores para dedicarse a actividades e tarefas que aportan calidade á convivencia no centro e á formación do alumnado.

2. DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Entendemos por convivencia a arte de vivir en paz e harmonía coas persoas e o medio que nos rodea. A convivencia baséase no exercicio da liberdade, da responsabilidade e do respecto á diferenza e á capacidade dos integrantes do noso Centro de ensino para elixir a conduta axeitada e, en caso contrario, responder das consecuencias das nosas accións.

Para iso o noso centro dótase de normas claras e acordos precisos que permitan o exercicio dunha convivencia que contribúa ao desenvolvemento integral dos membros da nosa comunidade escolar. Con esas normas toda a comunidade educativa debe ser capaz de identificar, recoñecer e superar os nosos erros e limitacións.

O noso centro, no seu proceso de ensino-aprendizaxe, desenvolverá valores privilexiando entre eles o esforzo, a creatividade, a lealdade, a xenerosidade, a autenticidade, a responsabilidade persoal e o diálogo.

A comunidade educativa debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta as diferenzas individuais do alumnado e, que as medidas correctoras que se apliquen, se perciban coma xustas, necesarias, sentidas, comprendidas e aceptadas para que así se convertan en motivación para un cambio positivo.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Os resultados das enquisas que se pasaron en todos os sectores da comunidade educativa (familias, alumnado, profesorado, persoal non docente e dirección) para a recollida de datos, amosan que a visión xeral que se ten da convivencia no Centro, é construtiva e positiva. Non se observan problemas serios entre o alumnado. Aparecen algúns conflitos esporádicos que se resolven fundamentalmente a nivel de titoría, mediante o diálogo ou de medidas correctoras de carácter menor.

En algún caso os conflitos chegan ao equipo directivo que aplica os protocolos de actuación que temos acordados nas normas de convivencia (NOFC).

Cando se considere oportuno, farase unha revisión para comprobar posibles variacións en canto ao diagnóstico do clima de convivencia do centro. Poden utilizarse as enquisas que figuran no ANEXO 1 (ou outras que se consideren máis axeitadas nese momento).

3. OBXECTIVOS QUE PRETENDEMOS ACADAR CO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa.
- Promover a relación de igualdade entre nenos e nenas.
- Previr comportamentos disruptivos e de acoso.
- Atender a diversidade.
- Implicar aos distintos sectores da comunidade educativa.
- Promover os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa.
- Procurar a autoestima persoal e profesional de todos os sectores da comunidade educativa.
- Desenvolver as normas e procedementos de resolución de conflitos.
- Realizar o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados.
- A posta en práctica da aprendizaxe cooperativa, fronte á competitiva e á individualista.
- A xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
- A afirmación da dignidade das persoas, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza.
- Establecemento de normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
- Afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais.
- A implicación das partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.
- Rexeitamento da exclusión, o medo, a submisión, a ridiculización ou a humillación.
- Respecto a un mesmo, aos demais e ao contorno.

PLAN DE CONVIVENCIA

4. ACCIÓNS PREVISTAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Contemplamos as intervencións e programas coa implicación de toda a comunidade educativa, con coherencia e compromiso:

4.1 A nivel de centro

OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none">- Marcar un estilo de facer as cousas. Un “aire” que se perciba nas relacións entre os membros da comunidade educativa. Unhas formas de actuar nas que dominen o respecto á diferenza, a tolerancia e a cortesía.- Ser un centro de “acollida” cálido e próximo para as familias, o profesorado e o alumnado.- Queremos un centro no que os momentos de ocio e recreo estean libres de conflitos.- Propoñemos un Centro no que o coidado do medio ambiente estea integrado na convivencia diaria.- Propoñemos un Centro no que funcione a coherencia entre todos os que somos parte activa na educación.	
RESPONSABLES: <ul style="list-style-type: none">- Equipo directivo- Claustro de profesores- Persoal non docente- Alumnado	DESTINATARIOS: <ul style="list-style-type: none">- Profesorado- Alumnado- Familias
ACCIÓNS	
<ul style="list-style-type: none">- Día da Paz.- Un plan de acollida do profesorado novo ou substituto (ANEXO 2).- Un plan de acollida para as familias de alumnos e alumnas que acceden por primeira vez ó Centro (ANEXO 3).- Un plan de acollida para o alumnado que chega novo ou procedente do estranxeiro (ANEXOS 4 e 5).- Recunchos do diálogo.- Creación do Consello da Infancia que participará de diversos xeitos na convivencia do Centro.	

PLAN DE CONVIVENCIA

4.2 A nivel de aula

OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none">- Fomentar o sentido de pertenza a un grupo de amigos e compañeiros para traballar e convivir.- Buscar un equilibrio nas relacións. Relacións sociais máis positivas e máis ricas.- Respetar e usar a cortesía nas formas de comunicación.- Respetar as normas consensuadas por todos.- Crear un clima de traballo que proporcione benestar.- Respetar a diferenza.- Crear unha actitude positiva e construtiva cara os compañeiros.- Buscar unha actitude positiva ante o profesor, de respecto e confianza.- Fomentar unha boa comunicación entre profesor e alumnado, a escoita activa e a mellora nas relacións interpersoais.- Resolver os conflitos de xeito interno, mediante o diálogo e a reflexión, co obxectivo de modificar as condutas disruptivas e que non teñan que chegar a outras instancias. Ser quen de autorregularse. Utilizar a intelixencia emocional.	
RESPONSABLES: <ul style="list-style-type: none">- Profesorado titor- D.O	DESTINATARIOS: <ul style="list-style-type: none">- Alumnado
ACCIÓNS	
<ul style="list-style-type: none">- Sociograma. Cuestionarios do clima social na aula. CES. Modelo DAFO de análise de datos.- Asemblea de aula.- Elección de responsables de tarefas.- Elección de delegados de curso.- Proxectos de traballo comúns: crear un corto de vídeo, investigación científica, edición dun libro, representación dunha obra de teatro...- Traballos cooperativos.- Coidado e responsabilidade do espazo e os materiais propios e comunitarios.- Planificación, por parte do grupo, dunha actividade complementaria: excursión, formación dun equipo dalgún deporte...- Participación nunha tarefa de centro segundo calendario: coidado das plantas, recollida do papel reciclado, limpeza de patios...- Elaboración de normas de aula.- Programas de habilidades sociais.- Estratexias de resolución de conflitos dentro do grupo. Comunicación. Escoita activa.	

PLAN DE CONVIVENCIA

4.3 A nivel de familias

OBXECTIVOS	
Establecer boas relacións e comunicacións claras para poder afrontar proxectos comúns.	
RESPONSABLES: <ul style="list-style-type: none">- Claustro de profesores- Familias	DESTINATARIOS: <ul style="list-style-type: none">- Profesorado- Alumnado- Familias
ACCIÓNS	
<ul style="list-style-type: none">- A proposta da ANPA, Escola de pais e nais.- As entrevistas.- Resolución de conflitos. Técnicas de comunicación e escoita .- Canles de comunicación: páxina Web, circulares, blogs, Abalarmóbil, notificacións...- Promover, ao longo do curso, algunha actividade (lúdica e/ou educativa) na que colaboren alumnado- familias- profesorado.	

4.4 A nivel de profesorado

OBXECTIVOS	
Ampliar a formación pola necesidade de novas ferramentas para afrontar novos retos.	
RESPONSABLES: <ul style="list-style-type: none">- Equipo directivo- Claustro de profesores	DESTINATARIOS: <ul style="list-style-type: none">- Profesorado
ACCIÓNS	
Potenciar actividades de formación centradas en: <ul style="list-style-type: none">- Educación Emocional- Psicoloxía positiva. As fortalezas . A felicidade. A asertividade.- Resolución de conflitos.	

PLAN DE CONVIVENCIA

4.5 Outras medidas

OBXECTIVOS	
<ul style="list-style-type: none">- Mellorar a integración no centro docente do alumnado que incorre reiteradamente en condutas disruptivas.- Favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia no alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia á aula.	
RESPONSABLES: <ul style="list-style-type: none">- D.O/ Profesorado titor- Dirección/ X. E./ Profesorado	DESTINATARIOS: <ul style="list-style-type: none">- Alumnado con condutas disruptivas.- Alumnado apartado da aula por medidas correctoras.

PLAN DE CONVIVENCIA

ACCIÓN

- Elaboración e desenvolvemento dun programa de habilidades e competencias sociais (ANEXO 6).
- Crear unha aula de atención educativa e convivencia nos seguintes termos:
 - o Segundo a dispoñibilidade de profesorado. Será atendida preferentemente polo profesorado de garda e contará coa colaboración do departamento de orientación.
 - o Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.
 - o O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais.
 - o DO proporcionará propostas de actividades encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión sobre a súa conduta.
 - o O órgano competente para resolver que un alumno/a sexa atendido/a na aula de convivencia é a dirección do centro, previa audiencia a titores ou titoras, mestres especialistas e departamento de Orientación.
 - o O mestre/a que envíe ao alumno/a á aula de convivencia deberá comunicarllo ao titor/a e á familia e cubrir un modelo de incidencia que estará dispoñible en dita aula. Unha vez cuberto entregárase á Xefatura de Estudos.

5. MEDIDAS DE TRATAMIENTO DOS CONFLICTOS. PROTOCOLOS E ACTUACIÓNS

5.1 Protocolo de actuación ante unha queixa ou conflito.

Ademais das accións incluídas no punto anterior, encamiñadas a mellorar a convivencia escolar, no caso de queixas por parte dalgún membro da comunidade educativa o protocolo que recomendamos aplicar é o seguinte:

PROCEDIMENTO DESEXABLE A NIVEL INTERNO (ALUMNADO, PROFESORADO, FAMILIAS)

Debe dirixirse seguindo esta orde e cando non dea resultado ou sexa insuficiente a: 1º Titoría, 2º, Xefatura de estudos, 3º Dirección.

Cando unha queixa ou conflito chega a unha instancia distinta á persoa directamente implicada:

- 1) Indicar o procedemento desexable e animar a que o utilicen.
- 2) Se non fora posible, falar coa persoa directamente implicada para valorar posibles saídas:
 - Encontro a tres bandas.
 - Resposta escrita, valorando quen a debe facer.
 - Convocatoria dos órganos colexiados oportunos (Consello Escolar, Comisión de Convivencia, Claustro de profesorado...).
 - Apertura expediente informativo.

No caso de aquel alumnado que presenta alteracións condutuais que dificultan a convivencia seguirase o establecido no NOFC delimitando en primeiro lugar o carácter da incidencia e quen debe intervir en cada caso.

5.2 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

É imprescindible diferenciar claramente os casos de verdadeiro acoso escolar doutro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes...). As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- Evidente intención de facer dano.
- Condutas agresivas reiteradas.

PLAN DE CONVIVENCIA

- Desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Cando se detecte acoso escolar iniciárase o protocolo de acoso escolar propósito pola Consellería de Educación.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole.

5.2.1 Estratexias de prevención

Consideramos que todas as actuacións encamiñadas a mellorar e favorecer a convivencia no Centro (expostas no punto 4 deste documento) son medidas de prevención da violencia escolar e, por extensión, do acoso escolar. Incluímos aquí outras estratexias organizativas e de prevención máis directamente relacionadas co tema do acoso, e que tamén contribuirán a mellorar o clima xeral do centro:

A. A nivel de centro

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Celebrar as reunións anuais coas familias, segundo indica a lexislación vixente.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e

PLAN DE CONVIVENCIA

introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.

- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Aplicar protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións , taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- Vixiar en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora ,etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facen revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.).
- Formar ao profesorado e as familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente. (Mesma proposta para a ANPA)
- Formar ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais -onde aparecen e a quen se proporcionan-, non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

B. A nivel de aula

- Introducir o Plan de acción tutorial e NOFC na elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a: Relacións no grupo, fomento da amizade, tarefas colaborativas.
- Sensibilizar fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, **subliñar e traballar a figura do cómplice**, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...).
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
- Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
- Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
- Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
- Manter a través da acción tutorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Avaliar o clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Promover o respecto e a prudencia no uso das ferramentas tecnolóxicas.
- Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
- Mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas.

PLAN DE CONVIVENCIA

5.2.2 Detección do acoso escolar

Para poder identificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico, contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

Non esqueceremos a figura do cómplice outorgándolle a importancia que merece no problema do acoso escolar.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (Informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén á súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar cousas Romper cousas Roubar cousas
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo Ameazar con armas Obrigado a facer algo con ameazas (chantaxe)
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

PLAN DE CONVIVENCIA

Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinación social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirlle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.

Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios, na fila, nos baños, nos corredores...; na aula, cando a mestra ou o mestre mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor, no transporte escolar, nas entradas ou saídas do centro, no exterior do centro, a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...), por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade ...

5.2.3 Protocolo de actuación

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que deriven deste protocolo.

PLAN DE CONVIVENCIA

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases:

- **Fase primeira:** coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- **Fase segunda:** recollida de información e rexistro.
- **Fase terceira:** análise da información e adopción de medidas.
- **Fase cuarta:** seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Os documentos e pautas para cada unha destas fases poden consultarse nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC). Cómpre recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas de convivencia terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Estas normas de convivencia:

A. SON ESIXIBLES EN TODO MOMENTO, LUGAR E SITUACIÓN AS SEGUINTEs NORMAS BÁSICAS:

- Respecto a todas as persoas, á súa dignidade e integridade física e moral, aos seus dereitos e ás súas pertenzas, rexeitando o uso da violencia en calquera das súas formas.
- Respecto ao traballo de todas as persoas que integran a comunidade educativa, sen perturbar o normal desenvolvemento da vida escolar e traendo os libros e o material escolar que sexa preciso.
- Asistencia ás clases e actividades obrigatorias, cumprindo con puntualidade os horarios.
- Respecto aos documentos do Centro e ás comunicacións entre este e as familias e viceversa.
- Respecto e coidado das instalacións e materiais do centro: usando as papeleiras, non poñéndose de pé nos bancos...

PLAN DE CONVIVENCIA

A. NOS CORREDORES, ESCALEIRAS E AULAS

- Debemos desprazarnos camiñando de forma tranquila e ordenada, sen berros nin carreiras.
- Chamamos á porta antes de entrar.
- Podemos xogar nas clases cos xogos de aula, nos tempos establecidos.
- Nos corredores e escaleiras non se pode xogar con balóns ou outrosxoguetes.
- Respecto ás normas establecidas para o uso de aulas ou salas específicas (música, informática, biblioteca, usos múltiples, pavillón e comedor).

B. NOS ASEOS

- Facer unha utilización adecuada e responsable do papel hixiénico, da auga e do xabón.
- Tirar da cadea.
- Só botar papel hixiénico polo inodoro.
- Lavar as mans despois de facer uso do aseo.
- Facer uso deles preferentemente nos tempos e zonas establecidos/as.
- Avisar en caso de avaría ou suciedade.

C. NOS PATIOS

- Debemos adecuar o noso comportamento á actividade ou momento no que esteamos (non é o mesmo nas entradas e saídas que no recreo).
- Debemos facilitar que todos e todas poidamos xogar.
- Na zona descuberta do patio poderase xogar á goma, á corda, a buxaina...seguindo as pautas establecidas pola Dirección e consensuadas co claustro de mestres. Cando coexistan varios xogos á vez estableceranse quendas de xogos que deberán ser respectadas.

7. CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA. CORRECCIÓNS

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse en:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

De acordo co establecido no artigo 28 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, no hai outra máis nova considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

O incumprimento das normas de convivencia corríxese valorando a situación e condicións persoais de cada alumno/a así como a súa idade.

As correccións que se impoñan:

- a) Terán unha finalidade educativa e reparadora, procurando a mellora das relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- b) Terán en conta a idade do/a alumno/a, así como as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais.
- c) Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do seu dereito á educación, nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
- d) Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Para a consideración das condutas contrarias á convivencia como leves ou graves, así como para

a aplicación das medidas correctoras seguirase o establecido no NOFC.

Os proxenitores ou representantes legais do alumnado deberán ter información puntual sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos na lexislación vixente e nas normas de organización e funcionamento do centro.

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia, de carácter consultivo, estará presidida pola persoa titular da dirección do centro e contará con membros dos sectores con representación no Consello Escolar (profesorado, familia e persoal non docente) na mesma proporción na que están nese órgano, aínda que non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Serán nomeados polo director ou directora, por proposta dos colectivos representados, integrando o principio de igualdade entre homes e mulleres. Unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, e levantará acta das súas reunións.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o Plan de Convivencia do Centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do Centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro.

PLAN DE CONVIVENCIA

- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no Centro.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do Centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e todos deben colaborar e contribuír a fomentar as medidas que se propoñen neste plan de convivencia.

As medidas e acordos que se adopten, de conformidade co que estableza este documento serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente e incluídos nos documentos do Centro que corresponda e ademais na programación xeral anual.

10. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Tamén se encargará de difundir as normas de organización e funcionamento así como as normas de convivencia.

En primeiro lugar, utilizaremos o correo electrónico para dalo a coñecer a todo o claustro, consello escolar e ANPA, e estará impreso nas salas do profesorado. Na páxina web do Centro estará dispoñible para toda a comunidade educativa. Ao comezo de cada curso escolar, tanto na reunión de país como nas aulas farase referencia ao mesmo e se recomendará a súa lectura.

11.SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A Comisión de convivencia elaborará, a final de curso, unha memoria do plan de convivencia do centro coas conclusións e as propostas de mellora que se consideren necesarias. Deberá ser aprobada polo consello escolar, en pleno, e incorporada á memoria anual do centro.

Todos os sectores da comunidade educativa participarán na avaliación do plan de convivencia, a través dos órganos ou persoas que os representan.

ANEXOS

ANEXO 1.- ENQUISAS PARA A REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

ENQUISA AO ALUMNADO

Valora entre o 1 e o 5, no que 1 e moi mal e 5 e moi bo.

1. Valora a calidade das relacións cos teus compañeiros e compañeiras de clase.

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- Comentario/observación

2. Valora esa relación nas horas de lecer (recreos, excursións...)

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- Comentario/observación

3. A calidade das túas relacións co profesorado

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- Comentario/observación

4. Soes contar na casa o que che ocorre no colexio?

- Si
- Non
- As veces

A quen?

PLAN DE CONVIVENCIA

- Mamá
- Papá
- Avós
- Outras persoas (irmás, amigos)

5. Ante un conflito no colexio, Como cres que reacciona a túa familia?

- Berran contigo
- Apóiante sempre
- Escoitan e despois recadan información no colexio
- Non lle dan importancia

6. Atópaste contento no colexio?

- Moito
- Bastante
- Regular
- Pouco

PLAN DE CONVIVENCIA

ENQUISA ÁS FAMILIAS

Valore entre o 1 e o 5, no que 1 e moi mal e 5 e moi bo.

1. Cal consideran vostedes que é o grao de conflictividade no centro ao que asiste o seu fillo ou a súa filla?

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

Comentario/observación

2. Como cualificarían o grao de satisfacción do seu fillo ou da súa filla co colexio?

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

Comentario/observación

3. A calidade das súas relacións coas outras familias

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

Comentario/observación

4. A calidade das súas relacións co profesorado

- 1
- 2

PLAN DE CONVIVENCIA

o 3

o 4

o 5

Comentario/observación

PLAN DE CONVIVENCIA

ENQUISA PROFESORADO

Valore entre o 1 e o 5, no que 1 e moi mal e 5 e moi bo.

1. A calidade das relacións entre o profesorado

1.

2.

3.

4

5.

Comentario/observación

2. A calidade das relacións co alumnado

1.

2.

3.

4.

5.

Comentario/observación

3. A calidade das relacións coas familias

1.

2.

3.

4.

5.

Comentario/observación

4. A calidade das relacións con outras institucións (concello, policía, autonómica...etc)

1.

2.

3.

4.

5.

Comentario/observación

ENQUISA PERSOAL NON DOCENTE

1. A Calidade das relacións entre o profesorado

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Comentario/observación

2. A calidade das relacións co alumnado

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Comentario/observación

3. A calidade das relacións coas familias

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Comentario/observación

4. A calidade das relacións con outras institucións.

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Comentario/observación

5. Indique as súas suxestións para mellorar a convivencia escolar

ANEXO 2.- PLAN DE ACOLLIDA DO PROFESORADO NOVO

Benvida. Presentación do equipo directivo.

A/O xefa/e de estudos encárgase de:

1. Mostrar as instalacións do Centro e explicar o funcionamento básico das mesmas.
2. Presentar ao compañeiro/a de nivel. Este encargárase de resolver as dúbidas que se lle plantexen.
3. Entrega unha carpeta na que figura a seguinte documentación:
 - a. Plano do Centro
 - b. Díptico informativo.
 - c. Horarios do seu grupo ou área.
 - d. Quendas de tardes do trimestre
 - e. Cadro de vixilancias do recreo.
 - f. Listado do alumnado do seu grupo.
 - g. Listado de libros de texto.
 - h. Modelo para solicitude/xustificación de ausencias ao director/a.
4. Normas de reprografía (as establecidas no inicio do curso).
5. Ordenadores (onde están, funcionamento xeral, incidencias, etc.)
6. Documentos do Centro. Poden atoparse na secretaría, na sala do profesorado e tamén nunha carpeta en rede que se pode consultar nos ordenadores destas salas.
7. Lecer (salas de profesores e profesoras, café, etc.)

ANEXO 3.- PLAN DE ACOLLIDA ÁS FAMILIAS

Obxectivo xeral

Conseguir que as familias estean informadas do funcionamento e organización do Centro.

Accións

1. INCORPORACIÓN EN CALQUERA CURSO, EN CALQUERA MOMENTO DO ANO.

A familia recibirá información en Secretaría con respecto a:

- Impresos e documentación necesaria para o proceso de matrícula.
- Horario do Centro.
- Calendario escolar.
- Libros de texto
- Servizo de transporte
- Servizos da ANPA: Datos de contacto coa ANPA.
- Servizos do Concello: Madrugadores e actividades extraescolares...
- Presentación do Equipo Directivo.
- Presentación do Orientador/a (de ser necesario).
- Presentación do titor/a do alumno/a.

Para ampliar toda esta información dispoñemos da páxina web, na que atoparemos, entre outros, apartados como:

- **Visita polo Centro:** con fotografías das distintas instalacións do Centro.
- **Información xeral:** membros do Consello Escolar, do Equipo Directivo e Profesorado, horarios, servizos complementarios e libros de texto.
- **Documentos do Centro:** todos aqueles Proxectos e Plans vixentes no Curso: Programación Xeral, Proxecto Educativo, Normas de Organización e Funcionamento, Proxecto Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Proxecto Lector, Plan de Acción Titorial, Plan de Atención á Diversidade, Memoria do curso anterior e Programacións didácticas.

PLAN DE CONVIVENCIA

- **Formularios:** todos aqueles impresos necesarios para as comunicacións familia-escola.
- **Blogs do Centro:** os vixentes no curso actual.

2. INCORPORACIÓN MEDIANTE O PROCESO DE ADMISIÓN.

Recibirán información en Secretaría como no apartado anterior e ademais:

- Toda a información relativa ao proceso de admisión estará exposta nos taboleiros de anuncios do Centro e na páxina web, dentro do apartado Secretaría – Matrícula.

Para as familias do alumnado de 4º de E.I. realizaranse as seguintes xuntanzas:

XORNADA DE PORTAS ABERTAS.

- **Temporalización:** Ao comezo do proceso de admisión (marzo).
- **Responsables:** equipo directivo.
- **Finalidade:**
 - Presentación do equipo directivo.
 - Coñecer as aulas de infantil e os espazos comúns
 - Contestar ás dúbidas que poidan ter relativas ao funcionamento do Centro

REUNIÓN FAMILIAS-ESCOLA:

- **Temporalización:** A finais de xuño.
- **Responsables:** coordinador/a de ed. Infantil, 2 profesores/as de infantil (preferiblemente os que vaian ser titores de 4º EI), equipo directivo e representante da ANPA.
- **Finalidade:**
 - Funcionamento dos servizos do Centro e en colaboración co Concello: transporte, madrugadores, comedor e actividades extraescolares.
 - Normas do Centro relativas ao alumnado de 3 anos.
 - Explicación e recomendacións para o período de adaptación.
 - Suxestións de cara ao verán.
 - Reparto de díptico informativo: período de adaptación, normas, material, cooperativa

REUNIÓN FAMILIAS-PROFESORADO 4º EI

- **Temporalización:** Setembro. Antes do inicio do curso escolar.
- **Responsables:** Equipo directivo e profesorado de 4º EI.
- **Finalidade:**
 - Presentación do equipo docente.
 - Funcionamento do transporte.
 - Normas xerais do Centro.
 - Normas e funcionamento de ed. infantil.
 - Listados do período de adaptación. Explicación e recomendacións.
 - Obxectivos do curso e metodoloxía.
 - Reparto de documentación para cubrir e entregar aos titores.
 - Reparto de díptico informativo: normas e costumes, entradas e saídas, calendario escolar...

3. FAMILIAS DE ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

Seguirase o establecido no apartado 1 tendo en conta que haberá que explicarlles, se non o coñecen, como é o sistema educativo Español. Se descoñecen as dúas linguas oficiais, facilitaráselles esta información por escrito traducida, se é posible, ao seu idioma, ou disporase dun tradutor.

A compra de libros de texto estará determinada polo nivel de competencia curricular e lingüística do alumno/a, polo que poder ser conveniente esperar algún tempo para facela.

O momento da matrícula aprovéitase para recoller da familia unha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa... Esta tarefa estará a cargo da xefatura do Departamento de Orientación.

4. FAMILIAS DE ALUMNADO XA MATRICULADO NO CENTRO QUE EMPEZA UN NOVO CURSO EN SETEMBRO.

REUNIÓN FAMILIAS-PROFESORADO DE NIVEL

- **Temporalización:** Primeiras semanas lectivas do novo curso.
- **Responsables:** profesorado do nivel
- **Finalidade:**
 - Presentación do equipo docente.
 - Información sobre a programación de nivel: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, estándares de aprendizaxe, criterios de cualificación e promoción.
 - Normas xerais do Centro.
 - Hábitos de traballo.
 - Reparto de documentación para cubrir e entregar aos titores/as: autorización uso de imaxe, saídas extraescolares, etc.
 - Reparto de díptico informativo: normas e costumes, entradas e saídas, calendario escolar...

ANEXO 4.- PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO NOVO NO CENTRO

Alumnado que se incorpora ao inicio do curso

O alumnado incorporárase de inmediato a aula que lle corresponda, segundo o seu expediente.

O titor/a presentara ao alumno/a e integrarao no grupo proporcionándolle o material e información precisos. Nomeará algún alumno/a- titor/a que lle ensinará as instalacións e lle servirán de acompañantes nas saídas, entradas e recreos durante un período de tempo.

Alumnado que se incorpora xa iniciado o curso

A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos incorporara ó alumno/a a aula que lle corresponda segundo o curso iniciado.

O profesor titor/a terá previsto un material mínimo para ese momento: libros, horario de aula, listado de material, autorización para as saídas, xustificante de faltas, etc.

Unha vez dentro da aula o/a titor/a presentara ó alumno/a e integrarao no grupo proporcionándolle o material, horarios, normas de aula e Centro, dependencias e calquera outra información precisa. Nomeará alumnos/as encargados ou titores para que lle ensinen as instalacións e sirvan de acompañantes nas saídas, entradas e recreos durante un período de tempo.

ANEXO 5.- PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

- **Obxectivos**

- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos e alumnas e facilitar o seu proceso de integración.
- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao Centro.
- Poñer en práctica as respostas educativas que precisa este alumnado.

- **Planificación da medida**

A integración do alumnado estranxeiro farase seguindo os criterios establecidos na normativa vixente.

En principio, o alumno ou alumna, escolarízase no curso que lle corresponde por idade. A continuación, o titor ou titora, procederá a realizar a avaliación inicial de carácter xeral, co asesoramento do DO. No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, a xefatura do DO realizará a pertinente avaliación psicopedagóxica.

Cos resultados desta avaliación inicial e/ou da avaliación psicopedagóxica, se é o caso, estableceranse cales son as medidas de atención máis axeitadas, dentro das que se contemplan para a atención á diversidade.

As medidas que nós estamos a tomar, dadas as características do alumnado que temos, son de tipo curricular. As actuacións serán as seguintes:

- A) Alumnado estranxeiro que non ten dificultades co idioma por pertencer a países de fala española: Aplícaselle o Plan Xeral de Acollida
- B) Alumnado estranxeiro que non domina ningunha das dúas linguas da Comunidade Autónoma: Durante o primeiro trimestre recibirán apoio por parte das profesoras de AL e PT tanto na aula como fóra dela.
- C) Alumnado estranxeiro que presenta desfase Curricular por razóns de idioma ou dificultades de adaptación: Dúas opcións, previo informe do Departamento de Orientación:

PLAN DE CONVIVENCIA

- *Flexibilización da idade* .O alumno poderá ser escolarizado nun nivel diferente ó que lle corresponde por idade, de acordo coa normativa vixente.
- *Adaptación Curricular*, que se realizará coa axuda do Departamento de Orientación.

• **Funcións do titor/a**

- Integración do alumnado no grupo-clase.
- Desenvolvemento do PAT (actividades de integración).
- Colaboración coas familias.
- Selección da metodoloxía axeitada.
- Traballo en equipo con profesores de PT e AL (se fose o caso).

• **Decisións metodolóxicas**

1. Na aula, participando todo o alumnado, pódense elaborar e distribuír pictogramas nos que se ilustre o vocabulario básico da aula e as normas máis comúns (nos casos nos que haxa descoñecemento das dúas linguas oficiais) .
2. Desenvolveranse dinámicas de presentación ao grupo para favorecer a integración.
3. Crearase un clima de aula agradable no que o alumno se sinta cómodo para realizar as tarefas.
4. Buscaranse actividades que favorezan a interacción.
5. O idioma de partida será, nun primeiro momento o castelán, xa que moito do alumnado estranxeiro ten unha mobilidade maior por razóns laborais. O galego introducirase nunha segunda fase.

• **Temporalización**

- O plan de acollida na aula durará uns quince días.
- Outras medidas que se precisen (reforzo, apoio de profesorado especialista, ...), o tempo necesario.

ANEXO 6.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

1. XUSTIFICACIÓN

Tendo en conta o **Decreto 229/2011**, dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade, figuran recollidos os programas de habilidades sociais.

Entendemos por **habilidades sociais** como aquelas **condutas verbais e non verbais** que facilitan o intercambio social, tanto cos iguais como co resto das persoas. Son comportamentos habituais, non esporádicos que fan máis fácil que os nenos e as nenas se entendan, se axuden, se corrixan mutuamente, defendan os seus dereitos e respecten ao mesmo tempo os dereitos dos demais.

Entre as **habilidades non verbais** que debemos traballar co alumnado están: a **mirada**, o **sorriso**, os **xestos**, a **expresión facial**, a **postura corporal**, o **contacto físico**, as **distancias/proximidade**... Dentro das **habilidades verbais** é importante tratar cos nenos e coas nenas as seguintes:

As relacións sociais apréndense mediante as interaccións cos demais. precisamente, moitos dos problemas de convivencia teñen a súa orixe na falta de habilidades sociais.

O presente programa está deseñado para realizar **dentro da acción tutorial** co **obxectivo** de adquirir e desenvolver habilidades que melloren a **competencia comunicativa** e as **competencias sociais e cívicas** de todo o alumnado.

Pretendemos que os nenos e as nenas adquiran **habilidades para comunicarse debidamente e para a prevención e a resolución pacífica de conflitos** que lles permitan desenvolverse con autonomía tanto no ámbito escolar como familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

2. OBXECTIVOS

Entre os **obxectivos xerais** que pretendemos acadar están:

- Promover o desenvolvemento nas diferentes dimensións da persoa (cognitiva, afectiva, social, moral...).
- Mellorar o autoconcepto do alumnado.
- Fomentar nas nenas e nos nenos a capacidade de reflexionar de maneira crítica sobre as súas condutas.

PLAN DE CONVIVENCIA

- Potenciar no alumnado unha actitude positiva ante os conflitos e problemas persoais e grupais; facéndoos protagonista da súa aprendizaxe e responsable nas súas tomas de decisións.
- Axudar ao profesorado a mellora o clima de convivencia na aula e no centro.
- Cooperar coas familias (e con axentes e servizos externos) na mellora da formación dos seus fillos e fillas como persoas e nas súas relacións sociais.

Como **obxectivos específicos**, destacamos os seguintes:

- Favorecer no alumnado unha valoración positiva de si mesmo.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.
- Desenvolver no alumnado condutas que lle permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de xeito asertivo.
- Dialogar e traballar en situacións de interacción entre iguais, utilizando as normas sociais básicas: ser capaz de presentarse a si mesmo ou a outras persoas, poder iniciar unha conversa con certa facilidade e identificar distintas formas de facer amigos/as.
- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais: diferenciar os distintos tipos de comportamentos analizando as consecuencias de cada un deles, reflexionar sobre a súa propia conduta e elixir actuar de xeito asertivo.
- Ofrecerlle ao alumnado as formas adecuadas para resolver conflitos: diferenciar os distintos roles que se poden dar dentro dun grupo e analizar os conflitos que estes poden producir na dinámica grupal para poder resolvelos positivamente, recoñecendo a presión que pode exercer o grupo en distintas situacións e desenvolvendo estratexias para responder a esta presión.
- Valorar a cooperación por enriba da competición ou o individualismo, para resolver problemas e como forma de traballo habitual.
- Fomentar no alumnado a capacidade para tomar decisións importantes, baseadas na reflexión e na crítica e identificando as influencias que poden afectar as súas decisións.
- Utilizar fórmulas sociais que axudan a ter unhas relacións máis amables: saudar, agradecer, desculparse, despedirse.
- Desenvolver no alumando a asertividade, a escoita activa, a empatía, así como a autorregulación emocional e a resolución de conflitos.

PLAN DE CONVIVENCIA

- Aumentar a cohesión grupal e integración no grupo.
- Ser consciente dos valores e normas do entorno e comportarse en coherencia con eles cando afronten unha situación ou un conflito.
- Valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos entre persoas.
- Proporcionar as familias orientacións e estratexias para mellorar a educación dos seus fillos e fillas en relación coas relacións interpersoais.

3. CONTIDOS

Seguindo as apartacións de Monjas (*PEHIS*, 2012), o programa organízase entorno a seis grandes áreas de traballo. Cada unha delas contén cinco habilidades consideradas como centrais.

1. Habilidades básicas de interacción social	2. Habilidades para facer amigos e amigas	3. Habilidades de conversación
<ul style="list-style-type: none"> • Sorrir e rir. • Saudar. • Presentacións. • Favores. • Cortesía e amabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Reforzar aos outros. • Iniciadores sociais. • Unirse ao xogo con outros. • Axuda. • Cooperar e compartir. 	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciar conversacións. • Manter conversacións. • Rematar conversacións. • Unirse ás conversacións doutros. • Conversacións de grupo.
4. Habilidades relacionadas coas emocións, sentimentos e opinións	5. Habilidades de solución de problemas interpersonais	6. Habilidades para relacionarse cos adultos

PLAN DE CONVIVENCIA

<ul style="list-style-type: none">• Autoafirmacións positivas.• Expresar emocións.• Recibir emocións.• Defender os propios dereitos.• Defender as propias opinións.	<ul style="list-style-type: none">• Identificar problemas interpersonais.• Buscar solucións.• Anticipar as consecuencias.• Elixir unha solución.• Probar a solución.	<ul style="list-style-type: none">• Cortesía co adulto.• Reforzo ao adulto.• Conversar co adulto.• Peticións ao adulto.• Solucionar problemas con adultos.
---	--	--

1. Habilidades básicas de interacción social

Son habilidades e comportamentos básicos para relacionarse con calquera persoa en interaccións afectivas e de amigos/as, así como noutro tipo de contactos persoais. Moitas veces esquécese porque parecen obvias e considéranse como condutas de formalidade pero constatouse a importancia que teñen nas interaccións do neno/a. Esta área comprende as seguintes habilidades:

- Sorrir e rir.
- Saudar.
- Presentacións.
- Favores.
- Cortesía e amabilidade.

2. Habilidades para facer amigos/as

Son cruciais para o inicio, desenvolvemento e mantemento de interaccións positivas e mutuamente satisfactorias cos iguais. Implica satisfacción mutua, pracer e contribúe ao adecuado desenvolvemento social e afectivo do neno/a. Os alumnos/as que teñen amigos/as presentan unha maior adaptación persoal e social. O neno/a habilidoso/a nesta área recibe maior cantidade de respostas e propostas sociais positivas dos compañeiros/as. Esta área comprende as seguintes **habilidades**:

- Reforzar aos outros/as.
- Iniciacións sociais: implica relacionarse cunha persoa a través dunha actividade ou unha conversación.

- Unirse ao xogo con outros.
- Axuda.
- Cooperar e compartir.

3. Habilidades conversacionais

Permiten ao neno/a iniciar, manter e finalizar conversacións con outras persoas. Son o soporte fundamental das interaccións con outras persoas, para que estas sexan efectivas. Por medio da expresión verbal expresamos nosos sentimentos, negociamos un conflito, interactuamos co outro. Na infancia, a conversa, non é só un medio esencial de participación, senón de aprendizaxe.

Esta área comprende as seguintes **habilidades**:

- Iniciar conversacións.
- Rematar conversacións.
- Unirse á conversación doutros/as.
- Conversacións de grupo.

4. Habilidades relacionados cos sentimentos, emocións e opinións

Están relacionadas coa **conduta asertiva** ou asertividade, é dicir, aquela que implica a expresión directa dos propios sentimentos e a defensa dos propios dereitos persoais, sen negar os dereitos dos outros.

A persoa asertiva, protexe os seus propios dereitos e respecta os dereitos dos outros, consegue os seus obxectivos, é expresiva emocionalmente, séntese ben con ela mesma e fai que os demais valoren e respecten seus desexos e opinións.

Esta área comprende as seguintes **habilidades**:

- Autoafirmacións positivas.
- Expresar emocións.
- Recibir emocións.
- Defender os propios dereitos.
- Defender as propias opinións.

5. Habilidades de problemas interpersonais

Constitúen un importante mediador do axuste comportamental e social, apréndese a través da experiencia. O obxectivo é que o suxeito aprenda a solucionar por el mesmo e de forma construtiva e positiva os problemas interpersonais que se lle presentan en relación con outros nenos/as. Os principais son os seguintes:

- Aceptación, rexeitamento ou negativa.
- Agresión, ataque físico ou verbal.
- Apropriación de pertenzas e obxectos persoais.
- Acusación, violación dos seus dereitos e necesidade de axuda.

Esta área comprende as seguintes **habilidades**:

- Identificar problemas interpersonais.
- Buscar solucións.
- Anticipar consecuencias.
- Elixir unha solución.
- Probar a solución.

O **proceso a realizar** establecece da seguinte forma:

1. Controlar o impulso inicial.
2. Identificar e definir o problema.
3. Buscar alternativas.
4. Anticipar consecuencias.
5. Elixir unha solución.
6. Poñer en práctica e probar a solución.
7. Avaliar os resultados obtidos.

6. Habilidades para relacionarse cos adultos

Implica relación con persoas de estatus superior no sentido de maior idade, autoridade, etc., polo que é preciso que os nenos/as teñan claro que a relación que manteñen cos adultos é distinta á que manteñen cos nenos e nenas. Isto non suporá que estas relacións sexan de dependencia, submisión para o neno/a senón, pola contra, sexan relacións positivas para

ambos.

Hai nenos/as que interactúan inadecuadamente co adulto, aqueles/aquelas con problemas de competencia social, teñen máis relación co adulto pero nun ton máis negativo (reprimendas, sancións, discusións...), non interactúan ben e utilizan modelos inapropiados de relación con eles como son: buscar continuamente a relación, relacionarse só cando llo esixe a actividade ou cando necesitan axuda e evitar no posible a relación co adulto.

Estas habilidades, están moi relacionadas coa área de defender os propios dereitos de forma asertiva e positiva. Estas habilidades son de esencial importancia e en ocasións omítense de todo programa de habilidades sociais sen darnos conta que son un elemento de prevención e de adestramento para mellorar e evitar moitos dos conflitos que xorden a diario, tanto na escola como na familia.

En esta área inclúense as seguintes habilidades de interacción social:

- Conversar co adulto.
- Cortesía co adulto.
- Reforzar ao adulto.
- Peticións ao adulto.
- Solucionar problemas con adultos.

Son moi importantes cando en ocasións, a relación adulto-neno/a é inadecuada. As veces ao adulto tamén lle custa aceptar que os nenos/as teñen dereito a facer peticións.

4. METODOLOXÍA

As habilidades son comportamentos complexos, compostos por cadeas de condutas. Por tanto, o alumnado precisa ser instruído nas habilidades e accións específicas que as compoñen. Debemos axudalos a que identifiquen as respostas específicas que teñen que levar á práctica e a secuencia adecuada. Cada unha das habilidades que se traballarán seguirán unhas pautas de actuación concretas.

A metodoloxía xeral que propoñemos para o logro das habilidades sociais baséanse nas seguintes **técnicas**:

1. Instrución

A sesión de adestramento empeza con un comentario do docente sobre a conduta que será obxecto de aprendizaxe. Nesta instrución é importante:

PLAN DE CONVIVENCIA

- A presentación e identificación da conduta proposta a través de exemplos.
- Unha vez que o profesor/a comprobou que os nenos/as entenden a conduta a tratar na sesión, é útil discutir e debater entre todos e todas as razóns polas que é bo mostrar este tipo de habilidade ou conduta.
- É importante que o alumnado se impliquen, para iso o docente faralles preguntas sobre como se sentiron eles/elas cando actuaron inadecuadamente.

2. O modelado

A maior parte da conduta humana apréndese por observación mediante modelado. O profesorado e/ou os alumnos/as socialmente competentes modelan un exemplo de actividade, mentres que o resto dos compañeiros/as observan a execución do modelo e a aplicación concreta da habilidade que queremos que adquiran. Pode realizarse tanto en situacións simuladas (gravadas en vídeo) como en vivo, en situacións naturais. **O modelo debe pensar en voz alta** mentres executa os pasos condutuais, para que os alumnos/as observen o proceso cognitivo que acompaña á actuación concreta.

Unha forma de facelo é que o docente seleccione unha serie de exemplos de situacións coas preguntas, respostas ou intervencións adecuadas que deberían formularse.

3. Ensaio condutual. Role-playing. Dramatizacións

O seguinte paso importante é que os nenos/as executen o compoñente durante unha interacción práctica. Existen varias formas de realizar este ensaio:

- Verbalización de exemplos.
- Interaccións simuladas. Role-playing. Dramatizacións.

Con estas técnicas preténdese simular situacións que se presentan na vida real. Ao practicalas debemos adoptar o papel dun personaxe concreto e crear unha situación como si se tratase da vida cotiá.

4. Reforzamento do docente. Retroalimentación ou Feedback

O reforzamento consiste en dicir ou facer algo agradable ao neno/a despois dunha boa execución.

Na retroalimentación ou feedback, o docente informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Canto máis detallado ou específico sexa, máis probable será que os eles/elas melloren a súa execución.

PLAN DE CONVIVENCIA

O docente debe procurar que o feedback sexa un reforzamento positivo dos aspectos valiosos manifestados por cada un/unha. Debe centrarse en algo que os nenos/as fixeran ben, aínda que só sexa terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil. Non obstante, acto seguido deberá pasar a comentar o que fai que esa conduta siga sendo aínda deficiente.

5. Transferencia e xeneralización. Tarefas para casa

Non existe aprendizaxe se non existe transferencia e xeneralización desa conduta no tempo a outros contextos e a situacións específicas. Trátase de conseguir esta transferencia a través de dúas etapas ou fases de adestramento principalmente:

- **Transferencia a novas situacións** nas que os nenos/as practican a habilidade social aprendida en situacións distintas. Un procedemento é presentar ao alumnado situacións de práctica, novas e distintas. A través da observación, o docente estará en condicións de saber si os nenos son capaces de aplicar as súas novas habilidades baixo situacións diferentes.
- **Tarefas para casa** nas que se comenta cos nenos/as o nome das persoas con quen practicarán a habilidade, os alumnos/as informarán de como lles foron as tarefas. O docente deberá obter detalles sobre o que sucedeu exactamente e coidar de que cada un/unha sexa recompensado/a apropiadamente por dita tarefa.

O programa está integrado dentro da **acción tutorial**, entendida no seu senso máis amplo. Por iso, a planificación educativa deberá tomar en consideración aspectos como:

- Dirixirse a todo o alumnado, non só aos alumnos/as problemáticos/as, porque vai orientado cara a formación nun modelo de convivencia e a prevención de condutas antisociais. Esta opción non debe impedir o reforzo con determinados estudantes.
- Adaptarse á idade dos escolares. Os equipos de nivel e os titores/as deberán de adecuar a metodoloxía e os exercicios a desenvolver nas súas clases, adaptando este programa a partir dos enunciados do mesmo.
- Integrar as habilidades na rutina da clase.
- Informar e orientar aos pais e nais sobre o desenvolvemento do programa e sobre como reforzar na familia a aprendizaxe das habilidades elixidas.

5. RECURSOS

Para o desenvolvemento deste programa, precisaremos dos seguintes **recursos**:

- **Situacións escolares.** As aprendizaxes partirán da realidade, desde as experiencias que coñecen e viven os alumnos. Entre elas:
 - As relacións interpersoais dos alumnado cos compañeiros/as, profesorado e outras persoas.
 - Os conflitos, frecuentes na dinámica escolar.
 - O traballo en equipo, que esixe a aprendizaxe e a práctica da convivencia.
 - O xogo e a práctica deportiva.
 - A participación do alumnado no funcionamento da clase.
- **Titorías.** Os momentos de titorías, préstanse a comentarios, diálogos, debates e outras actividades en torno aos contidos que se programen.
- **Disciplina escolar.** Posibilita a convivencia harmónica do alumnado.
- **Ambientación dos espazos do centro:**
 - Elaboración de carteis e murais que sirvan de recordatorio das habilidades que se están traballando.
 - Creación de slogans para sensibilizar e dar pautas de actuación sobre normas básicas de interacción social.
- **Familias.** Por unha parte, a través do noso asesoramento nas reunións e entrevistas persoais. Por outra, porque a posta en práctica das habilidades, tanto no ámbito escolar como no entorno familiar favorecen a continuidade e integración entre a educación formal e non formal.
- **Proxección de películas** (*“Inside Out”, “Cadena de Favores”, “El Puente”*).
- **Libros de lectura.** Algúns exemplo son: *“¿Qué sientes?”, “Valores para la convivencia”, “Así no se juega”, “O mostro de cores”, “O cazo de Lorenzo...”*.
- **Medios de comunicación e Internet.** Presentan con frecuencia conflitos e acontecementos sociais problemáticos entre persoas, estereotipos. É importante facer unha análise crítica dos mesmos (análise da publicidade, noticias sobre conflitos entre as persoas, antecedentes e consecuencias dos comportamentos das persoas, valoración das expresións faciais, etc.).

PLAN DE CONVIVENCIA

- **Aplicación de cuestionarios**, que nos proporcionen información sobre o punto de partida dos nenos/as ante as cuestións que traballaremos en certa área de habilidades.
- **Fichas de observación de comportamentos alterados.**

6. TEMPORALIZACIÓN

A distribución das áreas de traballo e correspondentes habilidades aplicarase ao longo de todo o curso, seguindo a orde de sucesión exposto. Non obstante pódese modificar en función de situacións que xurdan.

Parece oportuno fixar tempos específicos como poderían ser ao inicio da semana. Non obstante, cada mestre/a decidirá o momento concreto de traballalas dentro do seu horario.

7. AVALIACIÓN

A avaliación das habilidades sociais estará presente durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, será continua e global. Cómpre realizar unha avaliación inicial e final, para verificar con certo rigor as habilidades sociais adquiridas. A avaliación inicial representa un momento clave para saber o nivel de competencia social e cívica do alumnado en relación ao dominio de habilidades sociais a traballar.

Entre os procedementos e instrumentos de avaliación que podemos empregar:

- A observación directa.
- Cuestionarios.
- Listas de control.
- Escalas de observación.
- Sociograma.
- Escala de actitudes.
- Rúbricas.
- Portafolios.

PLAN DE CONVIVENCIA

A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica harmonizarase o desenvolvemento deste programa e as accións de seguimento e avaliación do mesmo. Na **Memoria final** quedarán recollidas as actividades realizadas e a valoración de resultados.

O programa de habilidades sociais que se presenta aos profesores/as, está expresado nunha linguaxe, que abarca idades comprendidas entre os 3 e 12 anos. Basicamente os contidos de traballo son os mesmos, pero **é necesario que ao levalo á práctica, o profesor/a adapte a súa linguaxe ao nivel educativo dos alumnos e alumnas cos que vai traballar.**

8. BIBLIOGRAFÍA

As **referencias bibliográficas de autor** que serviron de base para a elaboración deste programa foron:

- Caballero, M. A. (2011). **Talleres sociales. Habilidades sociales, resolución de conflictos, control emocional e autoestima.** Madrid: Editorial CCS.
- Caruana, A. y Tercero, M. P. (2011). **Cultivando emociones. Educación emocional de 3 a 8 años.** Valencia: Azorín.
- Caruana, A. y Tercero, M. P. (2014). **Cultivando emociones. Educación emocional de 8 a 12 años.** Valencia: Azorín.
- Monjas, M. I. (2012). **Programa de enseñanza de las habilidades de interacción social (PEHIS).** Madrid: CEPE.
- Vallés, A. (2002). **Habilidades sociales e inteligencia emocional para el afrontamiento de la conflictividad escolar.** Valencia: Promolibro.

Ademais, fundamentámonos nas seguintes **disposicións legais**:

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**
- **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.**
- **Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**

PLAN DE CONVIVENCIA

- **Decreto 229/2011 do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- **Decreto 105/2014**, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no Sistema educativo de Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- **Orde do 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación. Formación Profesional e Innovación Educativa** pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atopamos diversos recursos para traballar as habilidades sociais, na seguinte **Webgrafía:**

- <http://logopediaalclick.blogspot.com.es/2013/11/httpwww.html>
- http://monicadizorienta.blogspot.com.es/2012/04/actividades-para-trabajar-las_22.html
- <http://procomun.educalab.es/es/ode/view/1416349691327>
- <http://proyecto-educativo0.webnode.es/habilidades-sociales/>

PLAN DE CONVIVENCIA

- <http://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/educacion-emocional/recursos-para-fomentar-y-trabajar-la-autoestima/21637.html>
- <http://www.orientacionandujar.es/2008/10/19/sentir-y-pensar/>
- <http://www.orientacionandujar.es/2014/01/15/recursos-para-trabajar-las-habilidades-sociales-en-clase/>
- http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/agrega//visualizador-1/Visualizar/Visualizar.do?idioma=es&identificador=es-ic_2010051013_9195026&secuencia=false